



CIRCULAR 18-2022.

XXV MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO – CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CATEGORÍAS MENORES.

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o XXV Memorial Alejandro Lorenzo – Campionato de Galicia de Categorías Menores de Campo a Través xunto co patrocinio do Concello da Pobra do Caramiñal e a colaboración da Asoc. De Atletismo e Deportes do Barbanza, o día 6 de febreiro na Pobra do Caramiñal.

Art.2).- O Memorial está destinado ás seguintes categorías: Sub10 (2014-2013), Sub12 (2012-2011) e Sub14 (2010-2009) homes e mulleres.

Art.3).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2022.

Art.4).- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías, tanto en homes como mulleres. Para a clasificación por equipos terase en conta os/as seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos/as catro primeiros/as. Cada club só poderá formar un equipo por cada categoría e sexo e como máximo poderá presentar a 8 atletas (6 no equipo e 2 individuais)

Art.5).- A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

- 1.- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos/as atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaran a lo menos 4 atletas (ata un máximo de 6 por equipo).
- 2.- Esta lista só estará formada polos/as atletas dos clubs que enviaran a inscrición á F.G.A. no prazo previsto.
- 3.- A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- 4.- Sumaranse os puntos dos/as 4 mellores clasificados de cada equipo.
- 5.-Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- 6.- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo/a cuarto/a atleta terminara máis próximo ó/á vencedor/a da proba.

* Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós/ós atletas estranxeiros e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída.



Art.6).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE MENORES			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
10:00	Sub10	Mulleres	800 m. aprox.
10:20	Sub10	Homes	800 m aprox.
10:45	Sub12	Mulleres	1.400 m. aprox.
11:00	Sub12	Homes	1.400 m. aprox.
11:25	Sub14	Mulleres	1800 m. aprox
11:50	Sub14	Homes	1800 m. aprox

Art.7).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do luns 31 de Xaneiro do 2022.

Na inscrición será preciso reflexar no campo do dorsal a orde de saída dos atletas, sendo o número 1 o primeiro. *Saíndo os número 1 nas primeiras quendas, o 2 nas seguintes e así sucesivamente. Estando esta norma suxeita ao protocolo COVID19 da FGA vixente no momento da realización da competición.

Art.8).- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.9).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. A apertura será 25 minutos antes e pechará 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos/as atletas inscritos/as). Os/as atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

Art.10).- Entregaranse medallas ós/as tres primeiros/as atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.11).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.12).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros e nas probas de control da FGA será de 4 euros por proba.

Art.13).- **Condições de participación atletas das categorías Sub 14, Sub 12 e Sub 10:**

Non será preciso nin o certificado de vacinación, test de antíxenos ou certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19, si que será preciso a entrega da Declaración Responsable na recollida de dorsais.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnic@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.15).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.16).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 25 de xaneiro de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo